



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
20.10.2022

LUGAR: Sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Campus de Vigo.

DATA: 20.10.2022

HORA DE COMEZO: 12:10

HORA DE REMATE: 14:00

LISTA DE ASISTENTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Diz Folgar, Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

ESCUSARON ASISTENCIA

Blanco Rial, María Gloria
Novoa Rodríguez, María Sol
Sánchez Gándara, Rosa María

NON ASISTIRON

Ojea Bouzo, Armando

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 20 de outubro de 2022, ás 12:10 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.07.2022).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe da vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade sobre a matrícula do curso 2022/2023. Evolución, comparativas e reflexións que procedan.
5. Aprobación definitiva, se procede, da creación e da participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa SPARC, S.L. (Consello de Goberno do 28 de xullo de 2022).
6. Aprobación, se procede, da modificación da participación da Universidade de Vigo en SIGMA, Gestión Universitaria-AIE. Ampliación de capital e novos membros. (Consello de Goberno do 28 de setembro de 2022).
7. Informe que proceda sobre a proposta de tramitación da modificación do título de Grao en Publicidade e Relacións Públicas. (Consello de Goberno do 28 de setembro de 2022).
8. Aprobación, se procede, da proposta de reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo para o curso 2022/2023.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 04.10.2022)

9. Ratificación, se procede, da axuda concedida para elaborar a enquisa sobre a inserción laboral dos egresados en Grao e Máster da promoción 2019/2020.
10. Ratificación, se procede, do acordo para actualizar o Estudo para medir o impacto e o retorno económico e social da actividade da Universidade de Vigo, en conxunto e en cada un dos Campus.
11. Ratificación, se procede, do apoio económico para a elaboración do Plan de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo.
12. Aprobación, se procede, das tarifas por actividades deportivas na Universidade de Vigo, exencións e descontos, para o curso 2022/2023.
13. Outros acordos.
14. Proposta de designación de membros para a cobertura de vacantes na Comisión de Actividades e Servizos e na Comisión Económica do Consello Social.
15. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2022.
16. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a elevada asistencia e xustifica aos que non puideron acudir, todos eles por causas insuperables.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.07.2022).

- ***Apróbase, tras incorporar dúas breves observacións de Carlos Mollinedo no punto 3.***



PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia Ernesto Pedrosa subliñando que a composición do Consello Social acada unha porcentaxe do 42% de presenza feminina, o maior rexistro do que hai constancia. Dá a benvida a Avelino Muleiro, Natalia Caparrini, Carlos Mollinedo e Manuel Díaz Folgar, aos que pide "xenerosidade, implicación e flexibilidade".

Reflexiona sobre as importantes mudanzas que se están a producir na configuración e os obxectivos das universidades, e o papel que lle corresponde aos consellos sociais. Destaca neste senso a intervención do reitor ante o claustro afirmando a aspiración de que a UVigo sexa "máis igualitaria, máis internacional e máis galega...unha universidade máis sostible e investigadora...e co firme propósito de incrementar a relación coas empresas".

De seguido cita o proxecto Athenea, unha alianza na que participa a UVigo para crear unha universidade europea con campus en nove países. Neste escenario salienta a transcendencia da internacionalización e o novo escenario dos xeitos de impartir docencia, con títulos duais, estudos semipresenciais ou as microcredenciais, como resaltaron os reitores galegos na apertura do curso.

Na segunda parte da intervención, o presidente resume algúns datos do informe da OCDE *Panorama de la Educación 2022*, con indicadores que reflicten diferentes posicións relevantes para os universitarios españois e galegos, en particular. Tamén informa da posición da UVigo entre as 300 mellores universidades do mundo con menos de 50 anos.

Finalmente dá conta de que a Conferencia de Consellos Sociais presentou 10 emendas ao proxecto de Lei orgánica do sistema universitario, que está en tramitación parlamentaria, e anuncia a presenza na web do Consello Social do estudo sobre o impacto económico e social da UVigo cuantificado no seu entorno de influencia e en cada un dos Campus.

Respecto da autorización de transferencias de crédito entre gastos de capital e gastos correntes, delegadas no reitor neste exercicio e nos casos de créditos orzados nas aplicacións de proxectos de investigación con financiación específica (programa 131H, clasificación económica 645, 644 e 646), comunica que queda excluída a clasificación económica 648, segundo corrección do propio Servizo de Contabilidade.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa principia dando conta das transferencias aprobadas ao amparo da habilitación do Consello Social no pleno do 29 de xullo de 2022. Aclara que as modificacións ascenderon a 11, por un importe total de 108.469,41 €, e desagrega os proxectos e os importes por Facultades. Agradece a confianza do Consello Social e prevé que xa non sexan necesarias máis modificacións mediante esta delegación.

A continuación dá conta do novo organigrama da Xerencia, e da creación dunha estrutura complexa e diferentes equipos específicos para abordar a mudanza "da nosa administración e da nosa xestión." Apunta como grandes retos mudar os sistemas informáticos, organizar os procedementos ou informatizar a xestión, pondo como exemplo a mudanza de Xescampus a Sigma. Presenta unha folla de ruta 2022/2025 para a modernización administrativa. Para o curso 2023/2024 prevé medidas estruturais e graduadas para incrementar o aforro enerxético, a racionalización de horarios, a mellora da conciliación ou o horario europeo para actividades docentes.

Así mesmo expón medidas previstas no ámbito laboral e da investigación ao abeiro da nova Lei da Ciencia; a adxudicación de proxectos por case 7M€, a alta demanda das novas titulacións de Grao en IA e en Relacións Internacionais; o proceso que se está a seguir para acreditar o Campus da Auga; as previsións de novos edificios e a orde de prioridade que comeza pola planta piloto e CACTI no edificio Campus da Auga de Ourense; e infraestruturas que se presentan para financiamento no plan 2023/2026 nos tres Campus por un total de case 80M€.

O reitor remata informando de distintas actividades como os actos de benvida e obradoiros nos tres Campus, e distintas mencións, recoñecementos e premios a investigadores e docentes da UVigo.



PUNTO 4

Informe da vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade sobre a matrícula do curso 2022/2023. Evolución, comparativas e reflexións que procedan.

Ernesto Pedrosa agradece á vicerreitora Natalia Caparrini a pormenorizada presentación dos datos, que no caso dos 62 Graos que oferta a UVigo expresan unha taxa de ocupación do 99%. En total cubríronse 3.667 prazas (un 53% mulleres) das 3.709 dispoñibles. No caso dos Másteres a ocupación acadou o 77%. Sumando o doutorado, a UVigo prevé superar os 19 mil estudantes matriculados este curso, e incluso pasar o número de 19.761 do pasado curso.

Nas gráficas presentadas amósanse as matriculacións por centros, titulacións e Campus, tanto en Graos como en Mestrados, rexistrando Ourense a maior porcentaxe de ocupación nos Graos (101%) que no caso de Vigo e Pontevedra. Sitúase no 98%.

A vicerreitora facilita tamén os datos do Programa universitario de maiores, con 432 matriculados, e informa da evolución do estudantado estranxeiro, procedente de Portugal, de Iberoamérica e Marrocos en boa medida.

Rematada a exposición prodúcese distintas intervencións e consultas de Jesús Graña, Emilio Zunzunegui e Carlos Mollinedo, ás que se dá resposta.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 5

Aprobación definitiva, se procede, da creación e da participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa SPARC, S.L. (Consello de Goberno do 28 de xullo de 2022).

O presidente explica o procedemento seguido para a creación da empresa e a participación da UVigo, que chega a este Pleno coa proposta de aprobación definitiva, despois de pasar polo Consello de Goberno (28 de xullo de 2022) e polo pleno do Consello Social reunido o pasado mes de xuño para a aprobación inicial. Xosé Manuel Atanes reflexiona sobre o ambicioso plan de negocio e a importante inversión estimada para os próximos cinco anos en relación co apoio institucional que considera baixo. O reitor transmite o interese de varios fondos e as expectativas de empresas interesadas no que cualifica "unha aposta de futuro".

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da modificación da participación da Universidade de Vigo en SIGMA, Gestión Universitaria-AIE. Ampliación de capital e novos membros. (Consello de Goberno do 28 de setembro de 2022).

Introducido este punto, o reitor resposta a varias preguntas de Jesús Graña sobre os servizos que ofrece e se chocan con outras aplicacións informáticas que xa está a recibir a UVigo a través do Consorcio da SUG, e cal é a aportación que fai a UVigo. Sinala Manuel Reigosa que o Consorcio seguirá a dar servizo e que Sigma cubrirá, sobre todo, a parte académica, non a de investigación, con un software moi completo "que dará moitos máis servizos dos que temos hoxe". Dá conta dos custes, asociados ás axudas de dixitalización que concede o Ministerio e anuncia a súa implantación na matrícula do curso 2023/2024.

Juan José Santamaría interésase por dispor de máis documentación motivante dos informes, con algún tipo de cuantificación, e no caso de Sigma bota en falta o documento de constitución, O reitor manifesta que se lle achegará.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 7

Informe que proceda sobre a proposta de tramitación da modificación do título de Grao en Publicidade e Relacións Públicas. (Consello de Goberno do 28 de setembro de 2022).

Advirte o presidente que este punto, que quedara pendente do Pleno anterior, retírase da orde do día, despois de que o Consello de Goberno aprobase non facer modificacións, consonte acordo unánime da Comisión de redacción do plano de estudos de Grao en Publicidade. Juan José Santamaria anticipa que enviará un escrito aclaratorio da súa posición.

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da proposta de reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo para o curso 2022/2023.

Ernesto Pedrosa expón o proceso e o calendario da convocatoria, e a elaboración da proposta que se presenta.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTOS 9, 10, 11, 12 e 13

Ratificación, se procede, da axuda concedida para elaborar a enquisa sobre a inserción laboral dos egresados en Grao e Máster da promoción 2019/2020.

Ratificación, se procede, do acordo para actualizar o Estudo para medir o impacto e o retorno económico e social da actividade da Universidade de Vigo, en conxunto e en cada un dos Campus.

Ratificación, se procede, do apoio económico para a elaboración do Plan de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo.

Aprobación, se procede, das tarifas por actividades deportivas na Universidade de Vigo, exencións e descontos, para o curso 2022/2023.

Outros acordos.

O presidente pide a ratificación destes puntos, remitidos coa aprobación da Comisión de Actividades e Servizos (04.10.2022), e dá lectura a un resumo de cada un deles que se contén na documentación entregada no punto 13.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 14

Proposta de designación de membros para a cobertura de vacantes na Comisión de Actividades e Servizos e na Comisión Económica do Consello Social.

O presidente propón a designación de Silvia Crespo e Antonio Martiño como membros da Comisión de Actividades e Servizos e da Comisión Económica, respectivamente, en substitución de José María Franco e de Jose María Martín Moreno. Agradécelles a dispoñibilidade e o compromiso a prol do Consello Social.

Juan José Santamaría entende que deberán ser os candidatos os que se deberán nominar, e non ser designados, salvo que só houbera unha candidatura. Anuncia a súa abstención.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 15

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de xullo e agosto de 2022.

- ***O Pleno dáse por informado.***



PUNTO 16

Rogos e preguntas.

Juan Manuel Vieites fai un chamamento a fortalecer a relación coas empresas. Emilio Fernández Zunzunegui pídelle ao Reitor que se interese pola situación do persoal do Centro tecnolóxico da Automoción de Galicia, no que ten participación a UVigo, por canto entende que a situación estase a deteriorar co paso dos anos perdendo a súa función para se converter nun lugar de paso. Juan José Santamaría solicita as actas do Consello de Goberno correspondentes ás sesións do 28 de xullo e 28 de setembro.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 20 de outubro de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Como anexo a esta acta, consonte o artigo 27.2 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social, xuntase copia literal do texto remitido por Juan Jose Santamaría sobre as súas intervencións:

“Intervencións de Juan Santamaría:

Punto 5º sobre SPARC.

De acordo coa propia documentación, consta a difícil comercialización e custo economicamente elevado. Compriría, pois, que o Consello de Goberno estudase ben estas consideracións.

Punto 6º sobre SIGMA.

É a UVIGO a que se incorpora?; pois aparece mencionada no inicio a Universidade de Santiago de Compostela, no punto 2.1 da Solicitud de da Vicexerente, Sra. Carracedo Durán e, por outra parte, non inclúe a Documentación de Constitución, identificada como apartado 3.1, aludido pola Sra. Vicexerente no punto 2.1 do seu escrito. Tal incorporación da UVIGO tamén podería ser realizada, alternativamente, pola Fundación da Universidade de Vigo, a semellanza da *Fundació Universitària Balmes*.

Punto 7º sobre a modificación do título de Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

Eu concordo coa retirada do punto, mas por outros motivos:

En virtude de Sentencia do Tribunal Constitucional (TC) 26/2016, de 18 de febreiro (Fundamento Xurídico 5.c), foi declarado anticonstitucional o seguinte apartado do artigo 8 da LOU. Copio e reproduzo:

2. La creación, modificación y supresión de dichos centros, así como la implantación y supresión de las enseñanzas conducentes a la obtención de títulos universitarios de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 35, serán acordadas por la Comunidad Autónoma, bien por propia iniciativa, con el acuerdo del Consejo de Gobierno de la universidad, bien por iniciativa de la universidad mediante propuesta del Consejo de Gobierno, en ambos casos con informe previo favorable del Consejo Social.

Polo tanto, desde tal Sentenza do TC, o Consello Social carece de competencia alguna para emitir Informe Preceptivo e Vinculante quer sobre a creación, modificación e supresión de centros, así como sobre as ensinanzas correspondentes aos títulos de carácter oficial a ofertar por tales centros. Por outra parte, neste caso non se trata de establecer un novo Título de Grao nen de suprimilo senón simplemente modificar un título preexistente da UVIGO en virtude da súa Autonomía universitaria.

Por seu turno, por xerarquía normativa, tampouco se pode contradecir ao TC coa redacción do artigo 74.4.e) da Lei do Sistema Univesitario de Galicia, aínda que neste caso se trata dun Informe supostamente preceptivo e non vinculante para a Xunta de Galicia:

e) Informar, con carácter previo a su propuesta a la Xunta de Galicia, sobre los acuerdos del consejo de gobierno relativos a la implantación y supresión de enseñanzas conducentes a la obtención de



títulos universitarios de carácter oficial y validez en todo el territorio nacional, así como a la creación, modificación y supresión de centros, institutos universitarios de investigación o cualquier otra figura que adopten.

A retirada, pois, polo Sr. Presidente do Consello Social deste punto, de momento, non aprobado polo Consello de Goberno da UVIGO, libérame de mais comentarios por outra parte, sempre pertinentes sobre o que se debe entender, desde o Consello Social, sobre a Autonomía das Universidades do artigo 27.10 da Constitución española.

Pontos 9º e 10º Ratificacións sobre axuda ao Estudo sobre Inserción laboral de egresados e sobre o Estudo do Impacto Económico da UVIGO.

Existe no punto 9º implicación de persoal docente e investigador da UVIGO como consta no 10º?. Tais implicacións poden alterar asuas obrigas docentes e non docentes do PDI.

Sobre a chamada inserción laboral, como sinónimo de empregabilidade dos egresados universitarios, entendo que temos que cuidar un pouco a linguaxe que utilizamos. Por vez de inserción laboral debemos falar de inserción profesional polo que vou indicar a continuación e, do mesmo xeito que a nosa Universidade se ocupa da *empregabilidade* (condicións, habilidades, destrezas, competencias e, no Dereito da UE, cualificacións profesionais) tamén se pode interesar pola *ocupabilidade* que ten que ver coas condicións do mercado (das empresas, das sociedades profesionais, da Administración, etc.) para facer mais eficiente a empregabilidade.

Por outra parte, os egresados das Universidades non son meramente man de obra cualificada a modo da formación universitaria como una formación profesional de alto nivel. Os nosos egresados son *profesionais liberáis* na terminoloxía do Comité Económico-Social Europeo, e cito:

El concepto de "profesión liberal" se basa en el concepto de "artes liberales", que en la antigüedad designaba a actividades como profesor, abogado, constructor, arquitecto, ingeniero o médico y cuyo ejercicio era un privilegio de ciudadanos libres y de la nobleza.

Una actividad también puede considerarse como profesión liberal... no se opone a que esta se lleve a cabo dentro de una relación contractual labora, siempre que se conserve la independencia profesional ...

Por consiguiente las profesiones liberales se basan en la confianza. Debido a la asimetría de información, el cliente debe confiar que el proveedor no explotará esa falta de información en su beneficio sino que le proporcionará el mejor servicio posible adaptado a sus necesidades. De este modo, al contratar el servicio el cliente da un voto de confianza. Unos requisitos técnicos mínimos y el cumplimiento de las normas éticas profesionales son los instrumentos apropiados para proteger las expectativas legítimas de los clientes. (Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre el tema "El papel y futuro de las profesiones liberales en la sociedad civil europea de 2020". Diario Oficial de la Unión Europea. C 226/10, de 16.07.2014).

Os profesionais, pois, equilibran as relación dos clientes cos seus fornecedores habituais, mellor fornecedores dos bens que ofrecen no mercado.

No tocante o punto 10º, quero subliñar dous aspectos dos que se mencionan na documentación:

- . Cuantificar el impacto económico de la Universidad de Vigo a través de la creación de capital humano y, mediante él, evaluar el impacto en la ocupación y el empleo.*
- . Conocer la balanza fiscal derivada de la actividad de la Universidad y la contribución de esta -da UVIGO ou da Balanza Fiscal?- en las cuentas de la Seguridad Social, con inclusión ou sen as Clases Pasivas do Estado?. Qué é a Balanza Fiscal da UVIGO?.*

Punto 11º. Plano de Responsabilidde Social da UVIGO.

Hoxe a Responsabilidade Social vai acompañada da idea de Sustentabilidade no relativo á cumplimentación da Información Integrada (Financeira e non Financeira) polo que fai á transición ambiental, transformación dixital, dereitos dos traballadores, da igualdade, dos grupos de intereses e tamén sobre o cumprimento normativo (*compliance*) que o Sr. Reitor prometeu implantar así que dispoña de persoal suficiente, xunto con Control Interno e a Asesoría Xurídica. Nas Unidades implicadas



en tal Plano de Responsabilidade Social non figuran, pois, a Asesoría Xurídica, Control Interno nen a Unidade/Servizo de Dixitalización. Finalmente, ten recursos suficientes o Consello Social para financiare tal Plano con 12.100,00 €?.

Ponto 16º. Rogos e preguntas.

Sr. Presidente, despois de escoitar ao Sr. Reitor sobre a sinerxias que propiciaría no Campus de Ourense a Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA) co Grao da UVIGO de Intelixencia Artificial, xulgo que sería bo traer a candidatura de Ourense á AESIA a un próximo Orden do Traballo do Consello Social para poder ser aprobado, se for o caso, a proposta de que o Consello Social reforcé as accións da UVIGO en favor da candidatura ourensana e nomeadamente no Edificio La Molinera. Os Rogos, pola súa propia natureza, non son susceptibles de seren aprobados”.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias